



En Lugo nunca pasa nada?

Aquí nunca pasa nada

Compañía de Teatro Sin Papeles

Jennifer Santín Vivero –

Traballadora Social

Que consideración social, xudicial e mediática se lles deu aos delitos e ás violencias acontecidas no caso Carioca e cal foi a reparación? Que papel xogou o sistema xudicial e a Fiscalía como figura que debe salvagardar os dereitos das vítimas? Onde están as institucións e organismos públicos que deben acompañar e protexer ás vítimas?

As mulleres en contextos de prostitución son as outras das outras, pola clandestinidade, o estigma, as perspectivas moralizantes de tinte misóxino nas que está presente a noción da respectabilidade sexual e por fenómenos discriminatorios coma o racismo e o clasismo, que interseccionan coa desigualdade de xénero. Prostitución e trata con fins de explotación sexual, se ben son conceptos distintos, son realidades indisolubles xa que o Caso Carioca non tería lugar sen a necesidade de cubrir a demanda que se xera no sistema prostitucional. O último elo da cadea da trata é a posta en venda e explotación sexual dos corpos das mulleres (na súa desbordante maioría) para o uso e goce dos homes que buscan consumilos: os putañeiros.

É de todas sabido que a labor do Ministerio Fiscal debe ser a de promover a xustiza e salvagardar dereitos; porén, no Caso Carioca as conclusións da Fiscalía de Lugo parten de nocións extremadamente machistas, posibilitando que moitas das pezas e dos delitos

que nelas se contemplaban quedasen sen xulgar a través da petición de sobreseemento ou arquiteo, total ou parcial, das diferentes pezas nas que se dividiu a macrocausa (tamén a instancia da Fiscalía) ou que as condenas consistiran en indemnizacións económicas irrisorias.

Sáin da obra teatral “Aquí nunca pasa nada” sumamente emocionada, xa que a súa posta en escena axuda a diseccionar ese armazón de sistemas que viraron e viran ao redor do caso co fin de intentificar que procesos, actuacións e sistemas foron revitimizadores e/ou contribuidores da invisibilización ou normalización das violencias sucedidas; e, en contraste, tamén visibiliza a valentía e fortaleza das mulleres sobreviventes e da xuíza instrutora, Pilar de Lara, ao enfrontarse a graves ameazas e presións.

Foi unha das mulleres sobreviventes a que, coa súa denuncia contra un dos gardas civís, propiciou que hai dezaseis anos comezase a investigación por parte do Xulgado Nº1 de Lugo. Outras centos prestaron declaración durante o proceso xudicial, moitas delas relatando verdadeiras historias de terror, o seu gran acto de valentía dotou dun maior significado aos relatos das demais testemuñas.

Parabén e grazas á Compañía Teatro sin papeles pola posta en valor das historias das mulleres que denunciaron e prestaron o seu testemuño, correndo o risco de que non se lles dese credibilidade ás súas declaracións e asumindo a carga emocional que isto conleva. Tamén estiveron presentes aquelas que non puideron chegar a facelo.

No escenario axuntáronse as denuncias de plataformas cidadás como a de Impunidade Carioca, resignificando o caso como o que foi: un armazón de trata con fins de explotación sexual que non podería ter lugar sen a convivencia de diferentes axentes que ostentan o poder.

Desexo que a todas esas mulleres ás que lles fallou a xustiza lles chegue toda a calor e abrigo dos centos de persoas que, tras presenciar a obra, nos puxemos en pé para aplaudir. Queremos dicirlles que non as esquecemos, que seguiremos facendo preguntas e dando



espazo ao seu testemuño co propósito de que nunca máis volvan producirse escenarios de violencia e impunidade. Non descansaremos ata ver o fin da xustiza patriarcal.

Precisamos que os compromisos legislativos e tratados internacionais que teñen que ver cos dereitos humanos e coa loita contra a Trata con fins de explotación sexual non queden en papel mollado. Precisamos leis abolicionistas e vontade política. Como di a activista feminista arxentina Sonia Sánchez: ningunha muller nace para puta.